

## BASES CONVOCATORIA PROGRAMA “ESPECIALISTAS EN COOPERAR” EDICIÓN 2024

Programa de cooperación internacional para o persoal da  
administración local de Galicia

### 1. QUE É O PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

Especialistas en Cooperar é un **programa de cooperación técnica dirixido fundamentalmente ao persoal dos concellos e deputacións de Galicia**, partindo da base de que o *know how* das administracións locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas da cooperación internacional ao desenvolvemento que se practica desde o municipalismo.

**As persoas que deciden participar ofrecen as súas capacidades e experiencia en países cos que coopera o Fondo Galego e nos que demandan o seu perfil, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido. O tempo de estadia no país de destino é, como máximo, de un mes de duración.**

Enténdese coma un programa de dobre dirección onde ambas partes aprenden e onde a implicación das candidatas e candidatos é imprescindible.

### 2. CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

- Reforzar as capacidades das administracións públicas e asociacións da cidadanía do Sur Global, facilitando respostas técnicas e capacitación ás súas necesidades, para contribuír ao desenvolvemento sostible e á consecución da Axenda 2030.
- Procurar un intercambio de coñecementos entre profesionais galegas/os e os parceiros do Fondo Galego nos países onde colaboramos.
- Favorecer un maior e mellor coñecemento da realidade dos países cos que coopera o Fondo Galego: a súa situación, as súas dificultades, pero tamén as súas virtudes e potencialidades.
- Incrementar a implicación, por parte dos concellos e deputacións de Galicia, en actividades que estimulen o compromiso solidario, a través da divulgación das experiencias das persoas participantes no programa.

### 3. A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ao persoal en activo da administración local de Galicia que cumpra cos requisitos demandados para as prazas que se ofertan.

### 4. DESTINOS E PERFÍS SOLICITADOS.

#### a) CABO VERDE: MUNICIPIO DE TARRAFAL

Cabo Verde é un país insular, conformado por dez illas volcánicas, emprazado en África, fronte á costa senegalesa. É un país de Desenvolvemento Humano Medio e é tamén a democracia máis estable do continente. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade estableceu a relación de cooperación con Cabo Verde no ano 2002, principalmente da man da Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos (ANMCV).

O Municipio de Tarrafal é un dos 9 municipios da illa de Santiago, en Cabo Verde. Está situado no norte da illa, contando con preto de 18.565 habitantes. A incidencia da pobreza absoluta global no municipio de Tarrafal alcanza ao 32.6% da poboación, segundo os datos do INE (IDRF, 2015). A mesma fonte revela que a pobreza extrema no municipio é do 7.7%. Cando se compara a taxa de pobreza por sexo, conséntase que no municipio de Tarrafal este fenómeno maniféstase con maior intensidade nas mulleres (63,6%). A pobreza no municipio incide tamén con máis intensidade nas zonas rurais. A falta de recursos, o illamento e a deficiencia de infraestruturas, a débil competitividade económica e empresarial do municipio, o desemprego e o baixo poder adquisitivo constitúen algúns factores que están na base desa pobreza.

O municipio conta cun Plan Estratéxico Municipal de Desenvolvemento Sustentable, no que se pon de manifesto a importancia do desenvolvemento da agricultura como un alicerce económico para a sustentabilidade dos habitantes.

O apoio ao Desenvolvemento Económico Local no municipio de Tarrafal enmárcase nun período de catro anos, nos que se promoverán diferentes accións formativas e de capacitación a través da cooperación técnica para promover o desenvolvemento rural sustentable e participativo.

<b>TÍTULO DO PROXECTO</b>	<b>Apoio ao Desenvolvemento Económico Local sostible e participativo no municipio de Tarrafal.</b>
<b>META PARA O 2024</b>	Identificación e diagnose dos recursos agrícolas e ambientais do municipio de Tarrafal.
<b>FUNCÍONS A DESENVOLVER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diagnose das potencialidades no eido da agricultura e do medio ambiente no municipio de Tarrafal.</li> <li>• Elaboración dunha guía de recomendacións a seguir para mellorar na xestión do Desenvolvemento Económico Local, tendo en conta o enfoque de xénero, enfoque participativo, de sustentabilidade e de Dereitos Humanos.</li> <li>• Impartir capacitación ao persoal técnico e político do municipio de Tarrafal no relativo ás metodoloxías empregadas para recompilar a información necesaria que van contribuír a elaborar un eficaz Plan de Desenvolvemento Local.</li> <li>• A identificación de necesidades técnicas e/ou de servizos no ámbito da agricultura que axudarían a un mellor e maior desenvolvemento da agricultura.</li> </ul>
<b>PERÍODO DE ESTANCIA NO MUNICIPIO DE TARRAFAL</b>	Mínimo de tres semanas e máximo de un mes de duración.
<b>MESES NOS QUE SE PODERÍA REALIZAR A ASISTENCIA TÉCNICA (1 mes como máximo)</b>	Meses de xullo e agosto de 2024 e entre febreiro e maio de 2025.

## PERFÍS SOLICITADOS PARA CABO VERDE

<b>PRAZA</b>	<b>Técnica/o en Desenvolvemento Económico Local</b>
<b>NÚMERO DE PRAZAS</b>	1
<b>COMPETENCIAS REQUIRIDAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao en ADE, Grao en Economía, Grao en Administración e Xestión de Empresas, Grao en Ciencias do Traballo, Grao en CC Políticas e Grao en Socioloxía ou equivalentes.</li> <li>• Formación en igualdade de xénero.</li> </ul>
<b>COMPETENCIAS VALORABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Máster en Desenvolvemento Económico Local, Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible ou semellante.</li> <li>• Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030.</li> <li>• Experiencia acreditable de voluntariado internacional.</li> </ul>

<b>PRAZA</b>	<b>Técnica/o Agrícola</b>
<b>MÚMERO DE PRAZAS</b>	1
<b>COMPETENCIAS REQUIRIDAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria, Grao en Ciencias Ambientais, Grao de Enxeñería Forestal e do Medio Natural ou equivalentes.</li> </ul>
<b>COMPETENCIAS VALORABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en igualdade de xénero.</li> <li>• Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable, ou semellante.</li> <li>• Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030.</li> <li>• Experiencia acreditable de voluntariado internacional.</li> </ul>

As dúas persoas seleccionadas realizarán á vez a súa estada no municipio de Tarrafal, co obxectivo de que poidan traballar conxuntamente nas tarefas encomendadas.

### b) MOZAMBIQUE: MUNICIPIOS DE MANHIÇA E NAMAACHA

Mozambique é un dos países cun menor Índice de Desenvolvemento Humano a nivel mundial, segundo datos do PNUD. O Fondo Galego mantén unha relación directa de cooperación coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM) desde o ano 2016.

O país está inmerso nun proceso de descentralización desde hai pouco máis de 20 anos, polo que os municipios aínda afrontan desafíos en áreas de xestión financeira, finanzas municipais, xestión de recursos humanos, planificación urbana, planificación territorial, xestión ambiental e xestión de residuos sólidos, entre outros. A creación dunha contorna favorable para o desenvolvemento local e a participación efectiva das comunidades na gobernanza local constitúe un dos principais obxectivos do proceso de descentralización en Mozambique.

Tras o estudo realizado no ano 2022 “Avaliación das necesidades de capacitación dos municipios de Mozambique”, financiado pola Unión Europea e a Cooperación Austríaca, e executado por International IDEA e a ANAMM, conclúese que hai unha débil capacidade de mobilización das taxas e impostos propios municipais, asociada ao descoñecemento do potencial tributario existente en cada un dos municipios. Hai municipios que teñen unha

dependencia económica do goberno central de até o 80% dos seus ingresos, segundo datos ofrecidos pola ANAMM.

Por tanto, o apoio á sustentabilidade e xestión financeira dos municipios de Manhiça e Namaacha enmárcase nun período de catro anos, a través dos que se pretenden fortalecer as ferramentas e capacidades no ámbito da xestión financeira dos municipios de Manhiça e Namaacha, no marco do proceso de descentralización e con enfoque de xénero.

<b>TÍTULO DO PROXECTO</b>	<b>Apoio á sustentabilidade e xestión financeira dos municipios de Manhiça e Namaacha (provincia de Maputo - Mozambique)</b>
<b>META PARA O 2024</b>	Diagnose do cobro de taxas e impostos municipais nos municipios de Manhiça e Namaacha e recomendacións suxeridas a seguir.
<b>FUNCÍONS A DESENVOLVER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diagnose das potencialidades recadoras propias dos municipios en cuestión co apoio do persoal técnico e político dos municipios de Manhiça e Namaacha xunto coa ANAMM.</li> <li>• Elaboración dunha guía de recomendacións a seguir para mellorar na xestión da cobranza de impostos e taxas municipais, tendo en conta o enfoque de xénero e o enfoque de dereitos.</li> <li>• Impartir capacitación ao persoal técnico e político municipal dos municipios de Manhiça e Namaacha no relativo á cobranza de impostos e taxas municipais, tendo como base a normativa existente no país.</li> <li>• A identificación de necesidades técnicas e/ou de servizos de ambos os municipios que van redundar na mellora da xestión municipal da recadación dos ingresos propios.</li> </ul>
<b>PERÍODO DE ESTANCIA EN MOZAMBIQUE</b>	Mínimo de tres semanas e máximo de un mes de duración.
<b>MESES NOS QUE SE PODERÍA REALIZAR A ASISTENCIA TÉCNICA (1 mes como máximo)</b>	Entre xullo e setembro de 2024 e entre abril e maio de 2025.

### PERFIL SOLICITADO PARA MOZAMBIQUE

<b>PRAZA</b>	<b>Técnica/o de economía e finanzas municipais.</b>
<b>NÚMERO DE PRAZAS</b>	2
<b>COMPETENCIAS REQUIRIDAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Dereito, Grao en Economía, Grao en Finanzas e Contabilidade ou equivalentes.</li> </ul>
<b>COMPETENCIAS VALORABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en igualdade de xénero.</li> <li>• Máster en Función Pública ou semellantes.</li> <li>• Formación acreditable en cooperación ao desenvolvemento e/ou Axenda 2030.</li> <li>• Experiencia acreditable de voluntariado internacional.</li> </ul>

As dúas persoas seleccionadas realizarán á vez a súa estadía co obxectivo de que poidan traballar conxuntamente nas tarefas encomendadas.

## 5. CANDO E COMO PRESENTAR AS SOLICITUDES?

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto do 14 de maio ao 14 de xuño de 2024. As solicitudes deberán presentarse a través do correo electrónico no seguinte enderezo: [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal).

A SOLICITUDE debe conter:

- ✓ Ficha de solicitude (cubrir o formulario online): <https://forms.gle/kcX9sx9J5kZnvshz5>
- ✓ Currículum Vitae
- ✓ Carta de motivación
- ✓ Calquera outro documento que se considere de interese para a valoración da candidatura.

As persoas que se candidaten poderán ser chamadas a unha entrevista persoal.

Para todos os casos, **non poderán participar** aquelas persoas que fosen separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

Para a resolución de dúbidas, poden enviar un email a [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal) ou chamar ao 698144536.

## 6. COMO PARTICIPAR?

As persoas que resulten seleccionadas poden xestionar coa súa administración local o seu tempo dedicado á cooperación internacional ao desenvolvemento no país de destino a través de diferentes fórmulas (información para ter en conta que non condiciona a participación no programa):

- a) **Voluntariado:** as persoas seleccionadas para participar no programa poderán facelo en réxime de voluntarias, para o cal se seguirán os [procedementos legalmente establecidos](#) para formalizar o réxime de voluntariado e garantir a debida cobertura das accións e persoas voluntarias. Escollendo esta opción, as persoas seleccionadas poñerán a disposición o seu período de vacacións (mínimo de tres semanas e máximo de 30 días naturais).
- b) **Obtención de licenza:** o [Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento](#), no Capítulo V, refírese á licenza para a participación das persoas empregadas públicas (funcionarias/os de carreira) en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, coa finalidade de fomentar entre este colectivo o valor da solidariedade mediante a súa integración en proxectos de desenvolvemento que os axentes de cooperación estean a levar a cabo en países empobrecidos. Desde a aprobación do Decreto, habería a posibilidade de obter licenza para participar en Especialistas en Cooperar sen ter que investir o período de vacacións.

## 7. COMO SE ESTRUTURA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR?

O programa divídese en tres etapas: antes, durante e despois da asistencia técnica en terreo.

### Antes:

- ✓ As persoas seleccionadas participarán nunha **xornada de formación** sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre a figura do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Esta formación ten carácter obrigatorio.
- ✓ Comezará o **traballo previo á viaxe**, coa posta en contacto co parceiro local a través dunha xuntanza online na que tamén participará o equipo técnico do Fondo Galego.

### Durante:

- ✓ Seguirase a **programación** de traballo establecida, previamente definida polo parceiro local xunto co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Poderá haber modificacións para unha mellor xestión e coordinación.
- ✓ Enviaranse **fotografías e breve información**, dúas veces por semana ao equipo técnico do Fondo Galego, podendo empregarse o whatsapp ou o correo electrónico, co obxectivo de visibilizar as accións que se están a desenvolver no marco do programa Especialistas en Cooperar. Esta comunicación tamén servirá para informar sobre a estadia da persoa participante e ofrecer información relevante, se a houbera.

### Despois:

- ✓ Redacción dun **informe técnico** sobre o traballo realizado, en base ao formulario establecido polo Fondo Galego.
- ✓ Participar nunha **reunión co equipo técnico** do Fondo Galego para socializar a experiencia e poñer en común as aprendizaxes adquiridas, así como as achegas e impresións sobre a actividade.
- ✓ Responder aos medios de comunicación para divulgar a súa experiencia e o labor do Fondo Galego, así como permanecer predisposta/o a **participar en actividades de sensibilización** que poidan ser requiridas pola entidade ou polas administracións socias para dar a coñecer as súas vivencias.

## 8. CALES SON AS OBRIGAS DE CADA UNHA DAS PARTES?

As obrigas do Fondo Galego e dos parceiros locais quedarán reflectidas nun convenio de colaboración que se asinará entre as partes. As obrigas das persoas que viaxen en réxime de voluntarias quedarán reflectidas no contrato de voluntariado, e as persoas que obteñan licenza para participar asinarán un acordo de colaboración. Resumidamente, as obrigas son as seguintes:

### FONDO GALEGO:

- ✓ **Cubrir os gastos** da viaxe, aloxamento, seguro, visado e vacinas, traslados internos (en Galicia e no país de destino), manutención e calquera outro gasto ocasional relacionado coas tarefas a desenvolver.
- ✓ **Orientar** ás persoas participantes no desempeño das súas funcións e sobre aspectos xerais.

- ✓ **Velar pola seguridade** e adaptación das persoas participantes, co ánimo de que poidan desenvolver correctamente o seu traballo.

PARCEIRO LOCAL:

- ✓ **Velar pola seguridade** das persoas participantes.
- ✓ **Integrar** ás persoas participantes no equipo de traballo correspondente, dando o asesoramento e o acompañamento necesario, brindando toda información e colaboración requirida para o bo desenvolvemento das súas funcións.
- ✓ **Axudar** ás persoas participantes naquelas dificultades que atopen, ben no desenvolvemento das súas funcións, ben na adaptación ao entorno.

PARTICIPANTE:

- ✓ Ter **competencias orais e escritas en lingua galega**.
- ✓ Facer unha **estadía de un máximo de un mes** e un mínimo de tres semanas de duración para desenvolver as accións de cooperación técnica.
- ✓ Dedicar ás súas **funcións** o tempo requirido, cumprindo co programa estipulado e tarefas encomendadas.
- ✓ **Actuar con dilixencia e respecto** cara o parceiro e poboación local.
- ✓ **Seguir as medidas de seguridade** e as recomendacións indicadas, de ser o caso, polo parceiro local e o Fondo Galego.
- ✓ **Cumprir co envío de fotografías** e breve información durante a súa estadía, coa elaboración do informe técnico e participación nas xornadas de formación e de avaliación da actividade.

## 9. COMO É O PROCESO DE SELECCIÓN?

As candidaturas presentadas serán avaliadas pola Comisión Executiva do Fondo Galego, tras un proceso de selección baseado na adecuación do seu perfil profesional ao perfil demandado.

Ademais, valorarase positivamente que o concello ou deputación na que traballa a candidata ou candidato sexa socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Na resolución do programa Especialistas en Cooperar, que terá lugar a finais de xuño, nomearase a unha persoa titular e suplente por cada unha das prazas, por se a persoa seleccionada finalmente non puidese ou rexeitase participar.

As persoas seleccionadas serán informadas á maior brevidade posible, antes de facelo público a través da páxina web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O resto das persoas participantes tamén serán informadas da resolución a través do correo electrónico.

Se algunha praza quedara vacante, o Fondo Galego resérvase o dereito de seleccionar e ofrecer a oportunidade de participar a unha persoa dalgún concello ou deputación socia do Fondo Galego.



#### 10. PARA MÁIS INFORMACIÓN

Participa nas reunións online informativas nas que contaremos coa participación dos parceiros locais:

**Martes 4 de xuño ás 12:00h: Presentación de Especialistas en Cooperar en Mozambique.**

<https://us06web.zoom.us/j/86738725673?pwd=yDpe7lLL7lkGlp2JxJQszXfpFAd1fo.1>

ID de reunión: 867 3872 5673

Código de acceso: 686632

**Mércores 5 de xuño ás 12:00h: Presentación de Especialistas en Cooperar en Cabo Verde.**

<https://us06web.zoom.us/j/83846533511?pwd=fEawsBXQ8XfaNQvXJzJZb8aq4GyBxa.1>

ID de reunión: 838 4653 3511

Código de acceso: 194568